

ACTA NÚM. 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS HIDRAULICAS EN A ROLA, SERRES” incluída no POS+adicional 2/2023 da deputación de A Coruña,

Data: 30 de abril de 2024

Hora de comezo: 13:45 horas

Hora de remate: 14:15 horas

Lugar: Casa do Concello de Muros

Persoas asistentes:

Presidenta: Laura Eiras Rivadeneira (concelleira de Obras e Servizos do Concello de Muros)

Vogais: Mónica Freire Dosil (secretaria do Concello de Muros)

Francisco Abeijón Núñez, (interventor do Concello de Muros)

Secretario da mesa: Jose Manuel Mayo Priegue (funcionario do Concello de Muros), que da fedo acto.

Orde do día

Apertura do sobre B “Referencias Técnicas”

Acordos

Primeiro.- Os membros da Mesa de Contratación declaran expresamente baixo a súa responsabilidade que:

- a) Non se encontran en ningunha situación de conflito de intereses con respecto ao contrato de obra “MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS HIDRAULICAS EN A ROLA, SERRES”.
- b) Do mesmo xeito, porán en coñecemento do Servizo de Contratación do Concello de Muros, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses que xurda, ou que poda dar lugar a dito conflito.
- c) Que non fixeron nin farán ningún tipo de oferta da que poida derivarse algunha vantaxe con respecto ao contrato.
- d) Que non concederon nin concederán, non intentaron nin intentarán obter, e non aceptaron nin aceptarán ningún tipo de vantaxe, financeira ou en especie, a favor dunha persoa ou en nome desta, cando tal vantaxe constitúa unha práctica ilegal ou implique corrupción, directa ou indirectamente, por ser un incentivo ou unha recompensa relacionada coa execución do presente contrato ou da operación solicitada.
- e) Que non realizaron, nin realizarán, ningún tipo de xestión da que poida derivarse algunha vantaxe competitiva de cara á selección e/ou priorización da operación cuxo financiamento se solicita, respecto a outras que puideran ser ou foran xa presentadas.
- f) Que non se encontran en causa algunha de abstención, a teor do disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

g) Que non incorren en causa de incompatibilidade, segundo a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas.

h) Que non levarán a cabo actuacións que conculquen os artigos 25 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo Goberno, en relación ao artigo 8.1 do mesmo corpo legal e o artigo 75 da LBRL.

Segundo.- Procédese a apertura da documentación técnica do sobre B “Referencias Técnicas”, das ofertas presentadas en prazo, resultando que as empresas que se presentaron a licitación son:

Empresa	CIF
Excavaciones Agra Castro SL	B15490527
Mantido SL	B15819642
Nemesio Ordoñez SA	A15146608
RSC Galicia	B09991712

Analizada a documentación presentada polas empresas, a mesa de contratación por unanimidade acorda:

- a) Admitir no proceso de licitación da citada obra as empresas sinaladas no cadro anterior
- b) Que se remita a documentación do sobre B “Referencias Técnicas”, criterios non avaliados de forma automática (programa de traballo e control de calidade) presentada polas empresas, para a súa valoración técnica, segundo o previsto no anexo IV dos pregos

O presidente

A secretaria do Concello

O interventor

O secretario da mesa